

<b>Comunidade Autónoma / Departamento / Estado</b>	GALICIA
<b>Municipio</b>	DUMBRÍA
<b>Edificio</b>	Igrexa de Santa Uxía do Ézaro
<b>Dirección</b>	Lugar de Santa Uxía do Ézaro, s/n. 15297
	42.921298 -9.103954
<b>Protección</b>	
<b>Descricion</b>	<p>Igrexa de planta basilical con capela maior separada da única nave mediante arco triunfal sen decoración, formado por un arco de medio punto sobre pilastras. A nave do templo aparece compartimentada na súa estrutura interior en catro tramos separados entre si por seis pilastras. A nave cóbrese con bóveda de canón e reforzada por tres arcos faixóns que descansan sobre tres pares de pilastras. Ós pés da nave aparece un coro alto de pequenas dimensións que comunica coa nave da igrexa mediante unha pequena escaleira.</p> <p>A igrexa cóbrese con teitume a dúas augas que contribúe a reforza-la simplicidade de todo o conxunto constructivo. A iluminación do interior da igrexa realízase mediante xanelas rectangulares. Estes vans teñen unha disposición simétrica nos muros que están orientados ó norte e ó sur. A fachada principal, situada ó oeste, segue un esquema compositivo pentagonal na súa parte central. Un eixo vertical domina a súa composición e divídeala en dúas partes simétricas. Segue un esquema usual na zona: o superpoñer nunha secuencia formal á principal, unha pequena fornela enriba da porta principal cunha imaxe enriba dun pedestal e unha xanela enriba desta. Sobre o muro sur levántase a torre das campás con dous corpos, esta sobresa da fachada rompendo esa simetría plana, o corpo inferior fórmano catro arcos de medio punto sobre piares; o superior forma o remate da torre cunha forma piramidal rematado por un pináculo moldurado con bóla.</p> <p>No seu interior acolle unha escultura que representa a San Saturnino. É unha fermosa talla do século XVIII que reflicte o culto popular ó santo nesta zona. Representase por unha túnica e un manto, portando a palma do martirio e o cerebro. Outra imaxe a destacar é a da Virxe do Carme, unha obra realizada no obradoiro compostelán dos irmáns Rivas que condensa a devoción popular das vilas mariñeiras nesta zona da Costa da Morte.</p>
<b>Campás</b>	2 campás.
<b>Fotos</b>	1
<b>Toques actuais de campás</b>	
<b>Conservación, mantemento</b>	
<b>Propostas</b>	
<b>Autors da documentación</b>	TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
<b>Data</b>	05-12-2023

## Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	<a href="#">Menor.</a>	<a href="#">BLANCO PAZ, ANTONIO</a>	1849	46	56
Torre-campanario	<a href="#">Maior.</a>	<a href="#">LISTE PEREIRAS, JUAN (PARROQUIA DE ORAZO)</a>	1884	59	119

Información completa: [Igrexa de Santa Uxía do Ézaro - DUMBRÍA \(GALICIA\)](#)

PDF (26-05-2026)